

| 1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA | |
|--|--|
| CÓDIGO | |
| MATERIA | Voz |
| DISCIPLINA | Técnica Vocal I |
| TITULACIÓN | Título Superior en Arte dramática |
| ESPECIALIDADE | Interpretación |
| ITINERARIO | |
| CURSO | 2º |
| CRÉDITOS ECTS | 5 |
| CARÁCTER | Obrigatorio |
| DEPARTAMENTO | Interpretación |
| CENTRO | ESAD de Galicia |
| COORDINADOR/A | Mª Cristina Domínguez Dapena |
| | Nome e apelidos: Mª Cristina Domínguez Dapena Horario titorías: https://esadgalicia.com/profesorado/ Despacho: P.14 Contacto: cristina.dominguez.dapenadu.xunta.gal |
| DESCRIPCIÓN | <p>Dominio de todos os aspectos da técnica vocal (respiración, resoadores, articulación, emisión, etc.). A voz como instrumento creativo. Estudio da dicción: elementos técnicos e expresivos (ortofonía, prosodia, verso, etc.). Dominio das técnicas expresivas aplicadas aos diversos xéneros, estilos, formas de representación e medios audiovisuais.</p> |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> |
| 2. COMPETENCIAS | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO | |
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T2 | Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente. |
| T3 | Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. |
| T4 | Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| T5 | Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional. |
| T6 | Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersoal. |
| T7 | Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo. |
| T8 | Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos. |
| T9 | Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos. |
| T10 | Liderar e xestionar grupos de traballo. |
| T11 | Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade. |
| T12 | Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada. |
| T13 | Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. |
| T14 | Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables. |

| | |
|---|---|
| T15 | Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. |
| T16 | Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental. |
| T17 | Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos. |
| COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN | |
| X1 | Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos. |
| X2 | Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo. |
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue. |
| X4 | Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías. |
| X5 | Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social. |
| X6 | Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión. |
| X7 | Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos. |
| X8 | Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE | |
| EI1 | Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual. |
| EI2 | Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas. |
| EI3 | Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual. |
| EI4 | Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral. |
| EI5 | Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética. |
| EI6 | Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica. |
| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | |
| COMPETENCIAS VINCULADAS | |
| 1. 1. Afianzar a respiración mixta e o apoio na emisión. (Apoio respiratorio) | T1, T8, X1,EI1 |

| | | |
|--|---|---|
| costoabdominal na respiración) | | |
| 2. Profundar na práctica da emisión do son sen articular e articulado. | | T1, T8, X1,E11 |
| 3. Coñecer e usar correctamente o sistema vocálico galego. | | T1, T6, X3, X7, E11 |
| 4. 4. Reconocer la musicalidad (prosodia) del texto: acento, ritmo, curvas de entonación, para una óptima realización oral do texto | | T1, T6, X3, E11 |
| 5. Aprendizaxe do uso do subtexto. | | T1, T8, X1, X2, X3 |
| 6. Integrar a escoita nos procesos orais | | T1, T8, X1, X2, X3 |
| 7. Afondar na interrelación espazo-voz, para a realización vocal do personaxe. | | T1,T8 |
| 8.Descubrir a enerxía das palabras: fisicidade dos sons que compoñen o texto e as sensacións que xeran, para a súa aplicación nos procesos orais | | T1, T6, T8, T15, X1, X3, X5, E11 |
| 9.Aprender a analizar de textos dende unha perspectiva dramaturxica, para a súa aplicación na partitura vocal. | | T1, T6, T8, T15, X1, X2, X3, X5, X7,E11 |
| 10. | | |
| 4. CONTIDOS | | |
| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS (HORAS) |
| 1.Respiración mixta. | 1.1.Repaso do traballo respiratorio realizado nas materias de voz do 1º curso, atendendo a posibles eivas de asunción dos contidos, derivadas da situación de confinamento por causa da COVID-19. 1.2 O adestramento da respiración con apoio costoabdominal. 1.3 A aplicación do apoio costoabdominal na emisión sen movemento 1.4 A aplicación do apoio costoabdominal na emisión en movemento | 10 (20 horas) |
| 2. A escoita. | 2.1 Percepcións internas. 2.2 Percepcións externas. 2.3 A escoita como actitude: 2.3.1 Voz 2.3.2 Espazo 2.3.3 Compañeiros-as 2.3.4 Texto | 4 (8 horas) |
| 3. A emisión/articulación. | 3.1 Reforzo do traballo de resonancia realizado nas materias de voz do 1º curso, desde a metodoloxía propia do segundo curso, atendendo a posibles eivas de asunción dos contidos, derivadas da situación de confinamento por causa da COVID-19. 3.2.Calidade tímbrica das vocais. 3.3. Resonancia. 3.4. Resoadores. 3.5 Recoñecemento e preparación dos órganos da fala. 3.5.1 Vocais: grados de apertura. 3.5.2 Consoantes: puntos de articulación. | 16 (32 horas) |
| 4. Fonética galega. | 4.1.Sistema vocálico galego. | 4 (8 horas) |
| 5. Trazos prosódicos ou suprasegmentais: Acento, ton e duración. | 5.1 O acento . 5.2. O ton. 5.3. A duración. 5.4. Outros trazos. | 6 (12 horas) |
| 6.Enerxía da voz e enerxía das | 6.1. Actividade muscular na emisión dun son. | 5 |

| | | |
|------------------------------|--|-----------------------|
| palabras. | 6.2. Os fonemas como elemento sonoro sensitivo-emocional. 6.3. Análise sonora do texto. | (10 horas) |
| TOTAL SESIÓNS (HORAS) | | 45 (90 h.) |

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
|--|--------------------|------------------------|------------|
| Actividades introdutorias | 2 | | 2 |
| Exposición maxistral | | | |
| Exposición práctico-teórica | 12 | 5 | 17 |
| Práctica individual | 21 | 10 | 31 |
| Práctica colectiva | 46 | 18 | 64 |
| Obradoiro | | | |
| Seminarios | | | |
| Actividades complementarias | | | |
| Outros | | | |
| Titorías individuais | 8 | | 8 |
| Titorías de grupo | | | |
| Actividades de avaliación. Probas | 3 | 5 | 8 |
| Actividades de avaliación. Presentacións / mostras | 5 | 14 | 19 |
| Actividades de avaliación. Revisión | 1 | | 1 |
| TOTAL | 90 | 60 | 150 |
| PORCENTAXE | 60% | 40% | 10% |

Contéplase a posibilidade de teledocencia, por mor da evolución da pandemia por covid-19, que sería organizada a través de clases puntuais por videoconferencia coa plataforma Webex, ou outra indicada pola Consellería de Educación. Tamén se contempla o uso da plataforma Moodle, ademais do correo electrónico, ou outros medios (contacto telefónico) se o alumnado ten problemas de conectividade. No caso de corentena da profesora, ou do grupo, ou mesmo dun alumno/a, optarase tamén por este sistema de teledocencia. Para facer máis doada a transición a esta posibilidade, e tamén atendendo á situación actual da pandemia, sempre co permiso de inspección educativa, faranse titorías individuais ou grupais, por videoconferencia.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

| Actividades | Descrición |
|------------------------------|--|
| Descrición | Descrición |
| Actividades introdutorias. | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia. |
| Exposición práctico-teórica. | Exposición por parte do docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución na práctica. |
| Práctica individual | Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais na técnica vocal, tanto na emisión como na articulación de sons. |
| Práctica colectiva. | Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais na técnica vocal, tanto na emisión como na articulación de sons. |
| Titorías individuais. | Entrevistas e prácticas individuais específicas que o alumno mantén co |

| | | |
|--|---|--------------------|
| | profesor/a para desenvolvemento de actividades vinculadas aos procesos de emisión e articulación de sons e do proceso de aprendizaxe da técnica vocal. | |
| Actividades de avaliación. Probas. | Probas para a avaliación que inclúen actividades e exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia. | |
| Actividades de avaliación. Exercicios/Mostras. | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto... Levaranse a cabo de maneira individual ou en grupo. | |
| Actividades de avaliación. Revisión. | Análise profesor/alumno dos recursos procedimentais empregados por este na resolución das probas e os seus resultados. | |
| 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA | | |
| Seguimento. | Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo máis axeitado. | |
| Orientación. | Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. | |
| <p style="color: red;">Diante da situación actual provocada polo COVID 19, reforzarase a atención especializada, polo que no caso de corentena dun alumno/a, deberá OBRIGATORIAMENTE realizar unha titoría semanal vía videoconferencia ou outro medio (teléfono), se a persoa non conta con medios telemáticos.</p> | | |
| 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | | |
| 8.1 Avaliación ordinaria | | |
| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
| <p style="color: red;">Na Avaliación Ordinaria, os contidos (respiración e resonancia), que sufrirán un repaso partindo do nivel acadado na materia de voz o curso anterior, serán avaliados seguindo a metodoloxía ordinaria de Técnica Vocal I.</p> | | |
| Descrición | descrición | |
| Probas prácticas: -Exercicios prácticos de respiración. (15%) -Exercicios prácticos de emisión e articulación. (15%) -Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto (15%) | T1, T6, T8, X1, X2, X3, X5, X7, EI1, EI2, EI3, EI5. | 45% |
| Probas teóricas escritas sobre conceptos fundamentais da materia. | T1, T8, X3, EI5. | 20% |
| Observación sistemática: 1. Adquisición e aplicación das competencias adquiridas nas prácticas que integran aspectos físicos e vocais, e nas prácticas da materia de interpretación. (25%) 2. Asistencia e actitude cara os compañeiros/as e cara a aprendizaxe na aula (10%) | T1, T6, T8, X1, X2, X3, X5, X7, EI5. | 35% |
| 8.2. Avaliación extraordinaria | | |
| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |

| | | |
|--|---|--------------------|
| Descrición | descrición | |
| Proba teórica escrita sobre conceptos fundamentais da materia | T1, T8, X3, EI5. | 20% |
| Traballo escrito, no que se describe dun xeito técnico e detallado, un adestramento vocal | T1, T8, X3, EI5. | 10% |
| Probas prácticas: -Prácticas de respiración e emisión. (35%) Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto, a través da creación dun personaxe . (35%) | T1,T6,T8,X1, X2, X3, X5, X7, EI1, EI2, EI3, EI5. | 70% |
| 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria | | |
| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
| Descrición | descrición | |
| Traballo escrito e defensa oral sobre conceptos fundamentais da materia | T1, T8, X3, EI5. | 20% |
| Traballo escrito, no que se describe dun xeito técnico e detallado, un adestramento vocal | T1, T8, X3, EI5. | 10% |
| Probas prácticas: Adestramento físico-vocal que probe a súa independencia á hora de realizar un quecemento vocal.(35%) Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto. (35%) | T1,T6,T8,X1, X2, X3, X5, X5, EI1, EI2, EI 3, EI5. | 70% |
| 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS | | |
| Referencias básicas Referencias básicas Berry, C. (2006): <i>La voz y el actor</i> , Madrid, Ediciones Alba.. Cornut, G. (1998): <i>La voz. Madrid</i> , Fondo de cultura económica, Breviarios. Freixeiro Mato, X.R. (1998): <i>Gramática da Lingua Galega, I, Fonética e Fonoloxía</i> , Vigo, Edicións A Nosa Terra. McCallion, M. (2006): <i>El libro de la voz</i> , Barcelona, Ed. Urano Martínez Celdrán, E. (2002): <i>Introducción á fonética</i> , Vigo, Ed. Galaxia Navarro Tomás, T. (1991): <i>Manual de pronunciación española</i> , Madrid, Consejo Superior de Investigaciones científicas. Knebel, M. (2004): <i>La palabra en la creación actoral</i> , Madrid, Ed. Fundamentos. Regueira, X. L. (coord.) (1998): <i>Os sons da lingua</i> , Vigo, Ed.Xerais de Galicia. Regueira, X. L. (2011): <i>Diccionario de pronuncia</i> , Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. http://es.scribd.com/doc/30452105/Diccionario-de-Pronuncia-Xose-Luis-Regueira-Version-Definitiva Segre Naidich, S. (1987): <i>Principios de foniatría</i> , Buenos Aires, Ed Panamericana. Stanislavski, K. (2009): <i>El trabajo del actor sobre si mismo en el proceso creador de la encarnación</i> , Barcelona, Alba Editorial. | | |

Referencias complementarias

Blasco V. (2006): *Manual de técnica vocal*, Madrid, Ñaque Editorial.

Bustos Sánchez, I. (2003): *La voz, la técnica y la expresión*. Madrid, editorial Paidotribo.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Esta Guía docente pode alternar os temas e subtemas en función do proceso e as características do alumnado.

Traballarase en integración coa materia de Interpretación, cando así resulte preciso.

O alumno perderá o dereito de avaliación continua cando supere o dez por cento de faltas de asistencia.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|---|---|-------------|
| Descrición | | |
| Traballo escrito e defensa oral sobre conceptos fundamentais da materia, vinculadas ao uso do galego oral. A defensa oral farase a través de medios telemáticos. | T1, T8, X3, EI5. | 20% |
| Traballo escrito, no que se describe dun xeito técnico e detallado, un adestramento vocal. | T1, T8, X3, EI5. | 10% |
| Probas prácticas: Adestramento físico-vocal que probe a súa independencia á hora de realizar un quecemento vocal.(35%), realizado vía telemática e cunha duración non superior a vinte minutos. Prácticas orais de prosodia aplicadas a un texto. (35%) O alumnado deberá enviar antes o texto, vía correo electrónico, sinalizado cunha breve partitura onde queden claros os trazos prosódicos a utilizar. | T1,T6,T8,X1, X2, X3, X5, X5, EI1, EI2, EI 3, EI5. | 70% |

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, ou no caso concreto dun alumno/a sometido a coarentena, na disciplina de Técnica Vocal I, combinarase a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).